

POLÍTICA DA CALIDADE

O IES “A Pinguela” definiu a calidade como parte fundamental da súa política e da súa estratexia e adoptou os sistemas de xestión baseados na calidade como modelos de referencia para a xestión da institución. O referente fundamental é o sistema da calidade baseado na Norma EN ISO 9001:2015.

Máis en concreto, o noso Centro adoptou a calidade como unha filosofía de actuación que se identifica coas seguintes directrices:

- O traballo ben feito e a mellora continua das nosas actividades, dos servizos que prestamos e dos procesos de traballo.
- A contribución de valor ós alumnos, ó persoal do centro e ós pais e empresas colaboradoras, escoitando a súa voz e procurando atender as súas expectativas.
- A adaptación dos nosos procesos e dos nosos proxectos coa misión institucional, a súa visión e as súas estratexias, procurando actuar conforme as condutas que se recollen na formulación dos valores.
- A adopción de metodoloxías de traballo baseadas na cultura de mellora continua, a xestión a partir de datos, no esforzo, a puntualidade e o traballo en equipo.
- A xestión dos procesos orientada á mellora continua mediante a planificación, o desenvolvemento, a avaliación, a estandarización e a revisión e mellora dos mesmos.

Estas directrices despréganse a través dos seguintes procesos e proxectos:

- Implantación e desenvolvemento dun sistema da calidade segundo EN ISO 9001:2015.
- Medición e análise periódico da satisfacción de clientes.
- Revisión do sistema da calidade e actualización periódica de procesos.
- Auditorías internas e externas do sistema da calidade.

Así mesmo, desprégase nos plans anuais a través da formulación e o cumprimento dos obxectivos. Os obxectivos do Centro serán cuantitativos e medibles a través de indicadores e todos eles constitúen os obxectivos da calidade que o seu grado de cumprimento será avaliado periodicamente.

O compromiso coa calidade afecta a toda a organización. Tódalas persoas do Centro se responsabilizan no cumprimento dos requisitos establecidos no Sistema de xestión da Calidade, así como de participar activamente na mellora da calidade e da xestión, e no logro dos obxectivos institucionais.

A Dirección do Centro facilitará os medios e a formación necesarios para o desenvolvemento das actividades.